

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Agosto 2005

COMUNICADO

O prezo do leite superou en agosto de 2005, por segundo mes consecutivo, o prezo acadado no mes anterior

O prezo do leite percibido polos gandeiros creceu en agosto de 2005 un 0,3% en relación ao mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en agosto de 2005, que se situou en 29,3 euros por cen litros, creceu un 0,3% con respecto ao prezo de xullo. Este crecemento repítese por segundo mes consecutivo logo de que nos primeiros seis meses do ano se produciran descenso. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no -0,8%. Con respecto ao prezo de agosto de 2004 a variación foi dun -3,4%, que en termos de datos corrixidos de estacionalidade se converte nun -3,5%.

Atendendo ás compoñentes do prezo, foron as primas as que contribuíron ao aumento do prezo total xa que aumentaron un 3,5% en agosto con respecto a xullo. O prezo base descendeu con respecto a xullo un 0,4%. Con respecto a agosto de 2004, o comportamento é similar xa que o prezo base descende un 7,1% mentres que as primas aumentan un 16,2%.

En tódalas provincias se produciu un aumento no prezo do leite de agosto de 2005 con respecto a xullo de 2005

Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite aumentou en todas elas en agosto de 2005 con respecto a xullo. O maior aumento produciuse en Ourense (2,7%), nas restantes provincias o crecemento foi máis reducido, 0,8% en Pontevedra, 0,3% en Lugo e 0,1% en A Coruña. Con respecto a agosto de 2004, o prezo por provincias descende en todas elas.


Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Agosto 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
Prezos do leite			
Prezo total	29,3	0,3%	-3,4%
Prezo base	24,0	-0,4%	-7,1%
Total primas	5,3	3,5%	16,2%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Prezo total	29,9	-0,8%	-3,5%
Prezo base	24,2	-1,1%	-7,0%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras



No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es